

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 3 DE ABRIL DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 3 de abril de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 1 de abril (orde do día ampliado o 2 de abril), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. José Riesgo Boluda
D^a. Pilar Carneiro Miniño (asiste aos puntos 2b e 3b)
D. Rubén Peña Barceló (asiste aos puntos 5, 8a e 9a)
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste ao punto 10a)
D^a. María Gómez Janeiro (asiste ao punto 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320) (Emenda documentación persoal)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 26 de marzo de 2019, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días a E7 2014, S.L. para a emenda da documentación persoal (sen cumprimentar a "Parte III: Motivos de exclusión" do DEUC). O citado licitador presentou a documentación dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir a E7 2014, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”, tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lotes 4, 5 e 7)
2. BARAFUNDA, S.L.
3. AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL (lotes 4, 5 e 9)

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. MR. PICKWICK SCHOOL, S.L.: deberá presentar un novo DEUC no que indique o lote ou lotes aos que se presenta, así como que posúe os medios persoais esixidos no PCAP. Ao non ter indicado os lotes non se puido comprobar se a solvencia técnica e económica declaradas son suficientes.
2. DANIELA ALVITE WAISMAN: deberá presentar un novo DEUC no que indique o lote ou lotes aos que se presenta, así como que posúe os medios persoais esixidos no PCAP. Ao non ter indicado os lotes non se puido comprobar se a solvencia técnica e económica declaradas son suficientes.
3. XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 10): non indica se se compromete a adscribir ao contrato os medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I (FEC) do PCAP para o lote ao que se presenta. En consecuencia, deberá presentar un novo DEUC no que indique tal circunstancia.

Para os efectos de facilitarlle a presentación de dita documentación, indícase que tal circunstancia poderá declararse na “*Parte IV: Criterios de selección*” por calquera dos seguintes medios:

a) Cumprimentando o apartado C: *Capacidad técnica y profesional / Maquinaria, material y equipo técnico. El operador económico dispondrá de la maquinaria, el material y el equipo técnico siguientes para ejecutar el contrato*”: Deberán indicar que se comprometen a adscribir ao contrato os medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I (FEC) do PCAP para o lote ao que se presentan.

b) Cumprimentando a “*Parte IV: Criterios de selección / a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección / Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos / Indique la respuesta*”. Ao indicar que cumpren todos os criterios de selección enténdese que posúen tanto a solvencia técnica e económica como os medios persoais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 14:16	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA74B-E2E939-89272H-XFBBDR-N5HBE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

esixidos no PCAP.

4. UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (lote 6): non indican se se comprometen a adscribir ao contrato os medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I (FEC) do PCAP para o lote ao que se presentan. En consecuencia, deberán presentar un novo DEUC por cada unha das empresas que conforman a UTE no que indiquen tal circunstancia seguindo as instrucións sinaladas para a oferta presentada por XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. para o lote 10.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a varios licitadores para emendar a documentación persoal.

5.- Apertura administrativa e técnica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da Cidade de Vigo” (18.041-333) (Emenda documentación persoal)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (TEAM RELAY, S.L. e SOLIMUSIC EVENT, S.L.U.) a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación, lembra que por acordo da Mesa adoptado na sesión do 26 de marzo se concedeu un prazo de tres días a TEAM RELAY, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal (sen declarar a solvencia técnica e os medios persoais). O citado licitador presentou a documentación dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

1. Admitir a TEAM RELAY, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 14:16	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA74B-E2E939-89272H-XFBBDR-N5HBE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación técnica aberta na sesión do 26 de marzo.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de eventos deportivos” (17.579-333) (informe valoración proposición avaliable a través de fórmula)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 29 de marzo de 2019 de valoración do sobre B “*proposición avaliable a través de fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Pavimentación da rúa Urzáiz” (222-441) (informe valoración proposición avaliable a través de fórmula)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 1 de abril de 2019 de valoración do sobre C “*proposición avaliable a través de fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de eventos deportivos” (17.579-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas de datas 13 e 29 de marzo de 2019, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 14:16	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA74B-E2E939-89272H-XFBBDR-N5HBE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal "Calendario de eventos deportivos" (17.579-333) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	CARLOS FERNÁNDEZ POL	99,25
2	EUROCEBRIÁN, S.L.	73,05
3	FUNDICIONES J.C. REGALOS, S.L.	70,91

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. CARLOS FERNÁNDEZ POL, para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP e no artigo 150.2 da LCSP que se relaciona a continuación, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Pavimentación da rúa Urzáiz" (222-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Pavimentación da rúa Urzáiz" (222-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Valor da baixa
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	40.471,54 €
2	HORDESCON, S.L.	35.205,20 €
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	33.841,29 €
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	33.601,28 €
5	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	32.637,92 €
6	NAROM, S.L.	24.645,94 €
7	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	21.330,81 €
8	VIAS E SERVICIOS COMPOSTELA	20.490,78 €
9	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	20.445,78 €
10	CIVIS GLOBAL, S.L.	4.650,18 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 28 de febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ELSAMEX, S.A.	85,30
2	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	82,90
3	JARDINCELAS, S.L.	82,70
4	LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.	68,69
5	BRICANTEL ESPAÑA, S.L	64,54

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ELSAMEX, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 14:16	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA74B-E2E939-89272H-XFBBDR-N5HBE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ELSAMEX, S.A.U., o día 1 de marzo de 2019.

Terceiro.- Mediante escrito presentado o 8 de marzo de 2019 (documento nº 190034990), ELSAMEX, S.A.U. retirou a súa oferta.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 22 de marzo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta de que o licitador clasificado en primeiro lugar, ELSAMEX, S.A.U., retirou a súa oferta mediante escrito presentado o 8 de marzo de 2019.

Segundo.- Iniciar o procedemento previsto no parágrafo segundo do artigo 150.2 da LCSP e cláusula 22.3 do prego de cláusulas administrativas particulares en relación con ELSAMEX, S.A.U.

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, CALFENSA PROYECTOS, S.L., seguindo a orde de clasificación acordada pola Xunta de Goberno local na sesión do 28 de febreiro de 2019, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Quinto.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en segundo lugar, CALFENSA PROYECTOS, S.L., o día 26 de marzo de 2019, que presenta a documentación requirida o 29 de marzo, dentro do prazo concedido.

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 3 de abril de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CALFENSA PROYECTOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por CALFENSA PROYECTOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 5 e 19 de febreiro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adjudicar a CALFENSA PROYECTOS, S.L. o procedemento mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 159.700,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.716,53 euros.*
- b) *Propón un prazo de garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos.*
- c) *Comprométese ao mantemento do parque infantil por un período de 6 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do quinto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.234-307)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 14:16	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA74B-E2E939-89272H-XFBBDR-N5HBE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do quinto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.234-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 22 de marzo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do quinto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.234-307) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,62
2	ORECO, S.A.	91,18
3	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	90,98

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 27 de marzo de 2019, que presenta a documentación requirida o 2 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 3 de abril de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 7 e 12 de marzo de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adjudicar a PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do quinto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.234-307) por un importe total de 226.942,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.386,76 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:55



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 14:16	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA74B-E2E939-89272H-XFBDDR-N5HBE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 14:16	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA74B-E2E939-89272H-XFBBDR-N5HBE2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		